



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

ACTA 2016-8

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO ORDINARIO
7 de Decembro de 2016

Lugar

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

Hora de Inicio

13:30

Hora de Finalización

14:35

Presidente: JOSE LUIS SUAREZ MARTINEZ
Secretario: PAULINO FERNANDEZ SALGADO

MEMBROS ASISTENTES

ALBERTO RODRIGUEZ GARCIA
DELFIN BOO PAYO
DELFIN FIDALGO CARBALLO
FRANCISCO JAVIER LIMIA FEIJOO
MARIA DEL CARMEN SOLA PEREZ
MARIA ROSA GONZALEZ RIVERO
MARINA SALGADO CARNERO
SALVADOR ZARRAQUIÑOS SEGUIN
SERAFIN AUGUSTO DAMEA
YOLANDA DOMINGUEZ GALLEGO

A Presidencia declara aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 5 DE OUTUBRO DE 2016

O alcalde pregunta aos membros asistentes se teñen algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión de data 5 de outubro de 2016. Non se formula ningunha obxección, polo que a dita acta apróbase por unanimidade.

DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA, DO 26 DE OUTUBRO DE 2016, EN RELACIÓN AO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO, PROCEDIMENTO ABREVIADO 264/2016-B, INTERPOSTO POLA CIG

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Persoal, Réxime Interior, Transparencia, Participación Cidadá, Bens e Poboación, do 2 de decembro de 2016.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía, do 20 de xullo de 2016, a cal é do seguinte teor literal:

"Logo de ver o escrito remitido polo Contencioso Administrativo núm. 2 de Ourense, en relación coa interposición do recurso contencioso-administrativo procedemento abreviado 0000264/2016-B por parte da Confederación Intersindical Galega, contra o Concello de Monterrei sobre persoal; no uso das facultades que me outorga a lexislación vixente, RESOLVO:



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Primeiro. Presentarse o Concello de Monterrei ante o Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 2 de Ourense, no procedemento abreviado 0000264/2016-B, e remitir para o dito efecto o expediente administrativo.

Segundo. Nomear a José Eugenio Galindo González, María de los Ángeles Cantón Álvarez, Cristina Fernández Rodríguez e Francisco Cacharro Gosende como avogados e como procuradores a Antonio Álvarez Blanco e Lucía Taboada González, de Verín; Jesús Marquina Fernández, Leticia Domínguez Fortes, Lorenzo Soriano Rodríguez e María Gloria Sánchez Izquierdo, de Ourense; María de los Ángeles Fernández Rodríguez, Antonio Pardo Fabeiro e Ignacio Pardo de Vera, da Coruña; e María Belén San Román López, Argemiro Vázquez Guillén e Manuel Ayuso Tejerizo, de Madrid.

Terceiro. Notificar esta resolución ao Contencioso Administrativo núm. 2 de Ourense.

Cuarto: dar conta tamén ao Pleno do Concello na primeira sesión que teña lugar".

O Pleno dáse por enterado.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 6/2016

Dáse lectura ao expediente núm. 6/2016, tramitado para a modificación de créditos dentro do vixente orzamento, financiado con cargo a partidas reducibles do orzamento vixente.

Dáse conta dos informes emitidos polo interventor e o ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas, de data 2 de decembro de 2016.

O expediente tramitase por razóns de necesidade e urxencia plenamente xustificadas e está axustado aos preceptos legais vixentes.

O Pleno, por oito votos a favor do Grupo Popular e o BNG e tres abstencións do Grupo Veciños de Monterrei, ACORDA aprobar inicialmente o expediente, co seguinte resumo:

Créditos extraordinarios e/ou suplemento de crédito.

Suplemento de crédito:

Partida	Denominación	Importe en euros
1532.640	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	525,93
161.210	Infraestruturas e bens naturais	11.263,20
165.609	Investimentos	9.731,69
171.221	Subministracións	5.149,30
231.221	Subministracións	1.000,00
231.480	A familias e institucións sen fins de lucro	329,52
241.212	Edificios e outras construcións	2.163,05
326.223	Transportes	2.000,00
929.131	Laboral temporal	5.482,86
929.480	A familias e institucións sen fins de lucro	1.400,00
TOTAL		39.045,55



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Crédito extraordinario:

Partida	Denominación	Importe en euros
163.221	Subministracións	1.000,00
164.221	Subministracións	500,00
1621.463	A mancomunidades	10.117,63
1623.463	A mancomunidades	33.000,00
TOTAL		44.617,63

TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO	83.663,18
--	-----------

O importe dos gastos anteriores finánciase con cargo a baixas de créditos das aplicacións orzamentarias seguintes:

Aplicacións orzamentarias	Créditos dispoñibles para minorar ou anular
165.212	6.588,80
165.221	27.318,12
241.160	1.452,00
432.480	5.186,63
942.463	43.117,63
TOTAL	83.663,18 €

Ao ter que darlle ao expediente a tramitación á que alude o artigo 177.2 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e 38 do Real decreto 500/1990, de no presentarse reclamacións durante o prazo de exposición pública, considerárase este acordo como definitivo.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2017

Dáse conta do expediente tramitado para a aprobación, no seu caso, do orzamento desta entidade, formado para o exercicio de 2017 polo alcalde deste concello.

Considerando que na súa tramitación se cumpriron os requisitos que sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 167, 168, 169 e concordantes do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e o Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía e Facenda e Especial de Contas do 2 de decembro de 2016.

Dáse conta da memoria da Alcaldía.

Dáse conta tamén das bases de execución, do informe económico financeiro, do anexo de persoal, e demais documentos do expediente, dos cales xa se lle entregaron copia aos



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

concelleiros.

Visto o informe emitido pola Intervención e o ditame da comisión competente, ambos os dous en sentido favorable, comeza o correspondente debate e prodúcese as seguintes intervencións:

1. De Alberto Rodríguez García, portavoz do BNG, que di:

- Tras ver os orzamentos, podemos dicir que son uns orzamentos bastante consecuentes, non temos débedas con entidades bancarias, regresan partidas económicas que financian servizos sociais, a cultura, a mellora de infraestruturas. Son uns orzamentos continuístas e cabe dicir que cumpren realmente coa regra de gasto. O gasto en soldos e salarios é un 41%, é un 10% máis do ideal, pero supoñemos que polo incremento do obradoiro.

Tamén notei catro cousas que non vin aí moi claras, en relación cos tres postos de traballo de auxiliar que se van ofertar, van ser postos fixos ou como van ser?

Despois, tal e como indica o informe financeiro, en relación aos custo elevados da enerxía eléctrica creados polos xeradores de bombeo, tense tomado algunha iniciativa para solucionar ese problema?

O goberno ten pensado facer un incremento de mellora salarial, mellora das condicións para os traballadores que aínda non están cuantificadas porque os orzamentos aínda están sen aprobar? Cremos que deberíamos dotar unha cantidade no fondo de continxencias para ese imprevisto.

No apartado das subvencións supoño que hai un erro. Dedicamos dúas partidas do mesmo importe para o transporte dos rapaces de Vences. Se non me equivoco. Creo que hai un erro porque se duplican. Non sería bo que o Concello votase a favor de que o horario educativo fose de xornada continuada?, así aforrariamos gastos e poderían ir destinados a outras cousas.

En relación tamén co tema de protección civil, hai ou vai haber un acordo coa Mancomunidade de facer un servizo de protección civil mancomunado, entón: por que se achega unha partida orzamentaria para iso, e non sería mellor facer unha achega á Mancomunidade para manter ese servizo?

Por eses cinco motivos, que non os vexo aínda moi claros, o meu voto vai ser a abstención.

Di entón o secretario-interventor:

- Tes razón, Alberto, eliminarémolo.

Intervén agora o concelleiro de Veciños de Monterrei, e di:

- Ben, vai falar Carmen, pero o que di que se duplicou, non se duplicou. Duplicouse a quen vai a partida, pero a partida está metida como 7.600 € nos orzamentos.

Di entón o secretario-interventor:

- Non ten nada que ver.

Mª del Carmen Sola Pérez, voceira do Grupo Veciños de Monterrei di:

- Nós iamos preguntar por iso.

Segue a dicir o secretario:

- Son 3.800 € nada máis.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Asinte entón o concelleiro de Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia, dicindo:
- Haberá un erro.

A voceira de Veciños de Monterrei di que queren facer unhas preguntas antes de dar o seu voto, e que son as seguintes:

- O incremento de persoal vemos que este ano pasa do 39 ao 42%, queremos preguntar a que se debe.
- Tamén, igual que Alberto, queremos preguntar por esas tres prazas de auxiliares administrativos. Se pode explicar un pouquiño máis ese tema.
- A diminución da taxa de abastecemento de auga, a que se debe? Porque o lóxico é que suba porque agora van entrar dúas localidades máis. Se nos pode explicar isto.
- A diminución tamén da taxa de lixo, tamén a que se debe. Se é a nosa proposta de reducirllela ás granxas ou se nos pode aclarar tamén este tema.
- Os gastos de protección e promoción social, tamén queremos que nos aclare se van ser os mesmos que os do ano pasado porque vemos que aumentou o número de persoas dependentes e que o gasto en persoal é un pouco maior. Se nos pode aclarar isto.
- Ben, o que comentou Alberto, que o transporte está duplicado, falabamos de Vences.
- Os gastos por órganos de goberno son aínda máis altos que no ano anterior. No Pleno do 3 de agosto o Grupo Veciños de Monterrei fixo unha proposta de revisión dos importes por asistencia aos órganos colexiados e vostede prometeu contestar a esa tema no seguinte pleno de outubro, pero non o fixo. Díganos pois agora, que ten pensado facer, tendo en conta o informe xurídico da Deputación.

Intervén agora o alcalde, para dicir:

- Ben, antes de responder aos grupos, gustaríame facer unhas consideracións de carácter xeral con relación ao documento de orzamentos para o exercicio 2017.

Como ben dixo Alberto, do BNG, son uns orzamentos continuístas con relación ao ano pasado, onde marcamos as nosas liñas. A nosa liña o ano pasado para estes orzamentos do 2016 era clara e resumíase en que ía haber menos cemento e máis política social, e así continuaremos no exercicio 2017. Esa é a liña que temos marcada e esa é a liña que seguiremos.

Trátase de reforzar liñas de axudas que creamos no 2016 e que imos incrementar con algunha outra que lles vou contar. Seguiremos coas axudas á natalidade, tamén coas axudas para libros e material escolar. Outra parte importante vai ser a política activa de fomento do emprego. Dedícase unha partida específica para Apol Rural, así como continuación cos programas de obradoiro de emprego e, como novidade, este ano recollemos unha partida para o autoemprego, unha serie de axudas para todos aqueles que tomen a iniciativa de montar un negocio, de montar unha empresa, van ter un apoio dende aquí, dende o Concello, que xa o concretaremos coas correspondentes bases.

Logo, continuaremos mellorando coas infraestruturas básicas no tema dos abastecementos, nas redes de sumidoiros, da depuración de augas, estradas, iluminación pública, que este ano fíxose un traballo importante pero temos que seguir así. Con relación ao que dicías dos bombeos, efectivamente, este ano conseguimos reducir o consumo dos bombeos a través dunha política de axuste, de control, de que a empresa concesionaria estivese encima dos bombeos das diferentes localidades que nós pagamos e a maiores tamén lle temos pedido á Deputación unha subvención de aproximadamente 12.000 € para facer uns traballos nos diferentes depósitos, para que haxa un control estrito da auga que entra e da auga que sae,



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

porque é un problema que moitas veces estaba bombeando, bombeando porque non había ese control nos depósitos da auga. Entón, iso tamén o imos facer este ano.

Seguiremos mellorando os equipamentos sociais nas localidades. Este ano co Obradoiro de Emprego estamos arranxando en San Cristovo o local social. Ben, seguiremos, porque temos necesidades en Infesta, tamén temos en Sandín, que nolo piden. E tamén, dentro das medidas das nosas posibilidades, intentaremos ir facendo todas esas actuacións.

No Castelo de Monterrei continuaremos tamén coas nosas actuacións, empregando a mesma fórmula que utilizamos este ano, que eu creo que foi unha fórmula boa a través do convenio coa Xunta e coa Deputación, que logramos mellorar o contorno do Castelo e tamén coa posta en marcha da oficina de turismo.

E tamén continuaremos con actuacións no noso patrimonio artístico, con ese convenio que temos coa Universidade de Vigo para continuar actuando na necrópole de Medeiros.

E seguiremos apostando pola participación cidadá, continuaremos coas axudas para as asociacións veciñais. Eu creo que tamén foi unha liña de subvencións e axudas que funcionou bastante ben.

En definitiva, son uns orzamentos realistas, creo que imos polo bo camiño. Trátase en definitiva de facer entre todos un concello con calidade de vida.

Xa con relación ás preguntas que me fixeron, efectivamente, no capítulo I, de persoal, temos que adoptar unhas medidas de organización interna do Concello, de reorganización administrativa. Así nolo exige a lexislación, a nova lei de procedemento administrativo, a lei de administración electrónica. O camiño que nos marca é que o persoal que ten que haber no Concello ten que ser funcionario. Pásanos o problema co tesoureiro, cando o Carlos se xubile non imos ter tesoureiro, entón imos ter que acometer ese camiño de proceso de funcionarización dos tres auxiliares que son laborais fixos. Farase vía promoción interna horizontal e en principio non creo que haxa ningún problema para que os tres que son agora fixos pasen a funcionarios. Faráselle unha pequena proba e un concurso de méritos puro e duro entre os tres únicos aspirantes que pode haber. Eses pasarán ao cadro de funcionarios, co que a partir de aí xa podemos darlle cumprimento a toda esa lexislación que vos dicía.

O capítulo de persoal é alto, pero tamén temos que ter en conta que nós prestamos unha serie de servizos que requiren de persoal. No tema de axuda no fogar xa aí nos levan once persoas ou doce, se contamos coa coordinadora. Noutros concellos teñen externalizado o servizo. Entón, xa está, é fácil, externalizas o servizo, pero esa non é a nosa política. A nosa política é que o servizo de axuda no fogar siga sendo prestado polo Concello dun xeito directo. Entón aí xa está claro. Ademais sobe porque recollemos o obradoiro de emprego do que nós somos os promotores e todo o custo de persoal repercute no noso concello e en realidade beneficianse os catro concellos restantes que participan con nós. Agora tamén vai pasar co tema de coller a auga na Salgueira e na Caridade. A vostedes parécelle que son suficientes dous fontaneiros no concello para atender sete núcleos de poboación como temos?, a min paréceme que non. Podemos externalizar o servizo e que veña unha empresa privada? Eu creo que tampouco lle interesa ao concello que sexa así, eu creo que nós temos que seguir prestando servizos que melloren a calidade de vida dos nosos veciños e iso faise con persoal, non se fai con faladurías nin cousas raras. Hai que ter persoal para cumprir os servizos.

O custo dos bombeos xa llo expliquei antes a Alberto, que estamos tomando medidas sobre iso. Tiñamos un custo de bombeos elevadísimo, sobre todo nalgúns núcleos, pero estamos tomando medidas de redución dese custo.

Mellora salarial. A mellora salarial dos traballadores desta casa estámolo analizando no seo da Mesa Xeral de Negociación, é unha das cousas que estamos a tratar. Na Mesa de



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Negociación estamos a tratar dúas cousas importantísimas para o noso Concello: unha é a relación de postos de traballo, que a faremos no exercicio 2017, a través da Deputación tamén, que está a crear unha liña de axudas para os concellos para que confeccionen a relación de postos de traballo, e o convenio colectivo ou acordo regulador, neste caso o convenio colectivo porque se trata de persoal laboral. Entón, a través dese convenio colectivo é onde se van recoller todas esas medidas salariais que incrementen as retribucións dos nosos traballadores, que nalgún caso teño que recoñecer que son baixas para o traballo que realizan.

Con relación ao transporte de Vences, trátase dun erro que haberá que rectificar.

Protección civil. Ben, tense falado moito deste tema. A miña idea era facelo a nivel de mancomunidade, eu creo que sería o ideal. Pero temos un problema con Laza, que ten montado un sistema, e Laza pertence á Mancomunidade, co que teríamos un problema de duplicidade de proteccións civís. Entón, o que vai haber a nivel de Mancomunidade vai ser unha especie de coordinación das diferentes proteccións civís que hai nos diferentes concellos da nosa mancomunidade, que en principio só é Laza, Vilardevós e nós agrupados con Cualedro. Eu penso que é unha primeira fórmula para ir traballando sobre ese tema, pero eu creo que no futuro o que haberá será unha protección civil única a nivel de Mancomunidade.

Isto con relación ao Bloque, e con relación a Veciños de Monterrei:

O incremento dos gastos de persoal é un pouco iso que lles expliquei.

O tema do abastecemento de auga; a taxa de abastecemento de auga eu penso que orzamentado virá ata o día de hoxe. Eu creo que o que se vai recadar por esa taxa tanto na Salgueira coma na Caridade en principio é complicado.

Interrompe nese momento o secretario ao alcalde para dicir:

- O primeiro que teñen que facer é colocar os contadores. Se non colocan os contadores, non municipalizamos. Queda condicionado a iso. Hai xente que ten os contadores aínda sen instalar. Con respecto a por que baixou o contraído, pois porque se consume menos auga, creo, entón esa é a previsión que se fai, en función do que se recadou este ano. O do lixo, o mesmo: pagou menos xente. Tamén temos problema coa regra de gasto, non é que se vaia baixar a ordenanza. A ordenanza para baixala ten que vir ao Pleno e temos que modificala. O que pasa é que non tiven tempo, e a ver se para o ano que vén. Ten que ser cando podamos.

Continúa o alcalde:

- No tema das granxas, iso estamos pendente. É un compromiso no que quedaremos e a ver. Con relación aos gastos de protección social, dicía vostede, Carmen, se van ser os mesmos.

Explica a voceira de Veciños de Monterrei:

- Se me podía aclarar se vai aumentar un pouco o gasto ou vai ser o mesmo, en asistencia social a dependentes.

Ao que o alcalde lle di, continuando tamén coa intervención:

- Iso depende da Xunta. A Xunta vai concedendo unha serie de horas de dependencia e, efectivamente, incrementáronnos as horas de dependencia. As horas de dependencia non son exactamente as mesmas horas que ten recoñecida a xente na súa dependencia, iso que quede claro. Porque moita xente confunde e pensa que ao ter tantas horas de dependencia iso xa lle dá dereito, pero non, van por camiños separados e hai unha certa diferenza. Vaise axustando ano tras ano, de feito agora pegámoslle unha subida bastante, creo lembrar que se



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

pasou de 1.400 horas que había a 1.800 horas. Aínda así, estamos lonxe do que sería o ideal desas horas de dependencia. Pero é o mesmo: increméntannos as horas, temos que incrementar persoal para atender todo iso, é dicir, todo iso implica incremento de custos.

O do transporte, pois si, trátase dun erro, hai que velo e corrixilo.

Con relación aos órganos de goberno, si, efectivamente, este alcalde comprometeuse a traelo aquí. Estivemos dándolle unha volta a maiores e nós o que consideramos é que ese acordo é perfectamente legal. O informe da Deputación é un informe, pero é un informe non vinculante, non vincula a esta corporación. En principio a nosa idea é seguir como estamos, con eses límites que ten marcado este alcalde de non percibir por asistencias máis de 10.000 € ao ano. É o que temos pensado. Tamén lle digo, hai informes para todo tipo e dun xeito verbal tamén me teñen dito que o noso acordo é perfectamente legal. Está pendente de que se confirme a xurisprudencia pero a min tamén me din dun xeito verbal que é un acordo perfectamente legal entón, imos seguir como ata o de agora.

Di entón M^a del Carmen sola:

- Vostedes foron os que pediron o informe.

O alcalde di:

- Si.

Se queres un segundo turno de intervencións, Alberto (dirixíndose ao voceiro do BNG).

E o voceiro responde:

- Non

Intenta aclarar o alcalde:

- Entón o teu sentido do voto é a abstención.

E di Alberto Rodríguez:

- Si

É agora a quenda da voceira de Veciños de Monterrei, M^a del Carmen Sola Pérez:

- O Grupo Veciños de Monterrei vai votar en contra do orzamento para o 2017 porque o único que se fixo foi case copiar o do ano anterior. Cambiáronse as partidas de lugar, pero son as mesmas. Hai máis recadación pero non se nota tanto nos veciños. Para as festas e comidas cos amigos, aínda por riba, incrementa as cantidades, pois de 19.000 € o ano pasado pásase a 20.000 € este ano.

Outro dos motivos é o que acaba de dicir, que non cambian as percepcións por asistencias aos órganos colexiados, aínda tendo o informe da Deputación e só reduciron o IBI das granxas, cando pedimos unha redución da urbana en xeral para todos os veciños e non fixo nin cremos que faga o prometido centro de día, como tal.

O polígono segue a estar baleiro e non temos axudas á rehabilitación das vivendas do rural, salvo as do Camiño de Santiago que, como máximo, chegan aos 3.000 €.

Outro dos motivos para votar en contra é que seguimos sendo un dos concellos con máis paro e a atención á infancia ao non ter un PAI depende de iniciativas privadas. Porque esa casa niño de San Cristovo ten un promotor privado. Farian falta máis, pero ao contrario do que vostede dixo na prensa, só se concede unha por concello.

E outro dos motivos, é que apenas nos mete a debate todas as mocións que presentamos, aínda que despois acabe facendo moitas delas. Durante estes case dous anos que leva



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

gobernando non mudou con respecto á liña seguida polo seu pai. Ben, minto, a súa sensibilidade polo patrimonio medrou, e alégrame moito telo contaxiado.

Dille o alcalde:

- Ben, iso de contaxiar...

Aclara a voceira de Veciños:

- E que vostede nun pleno botoume na cara que me preocupaba moito polo patrimonio, por iso me alegra.

Toma a palabra o alcalde, explicando os puntos expostos pola voceira do Grupo de Veciños de Monterrei:

- Non é botarillo en cara. Se se preocupa vostede polo patrimonio... Ben, os orzamentos son continuistas con respecto ao ano pasado pero vexo que vostedes seguen igual, na mesma oposición e tratando de xerar unha imaxe negativa do noso Concello. Hai que estar orgulloso do que temos. Loxicamente todo é mellorable. Criticar e dicir que estamos non sei onde, como cando din que temos un nivel de paro; pero vostede sabe exactamente dicirme o número de parados que temos? Vostede sabe que esa porcentaxe que sacan é un dato que está tomado co dato da poboación activa do noso concello e ese é un dato que no medio rural é falso? Vostede pódeme dicir que hai tantos parados e eu dígolle que baixamos o paro; agora hai 247 parados neste concello e cando nós tomamos posesión había 316. Entón, non me diga vostede que nós somos o concello que máis paro temos de non sei onde, porque non é verdade, ese dato é falso. Ese dato do 33% de paro neste concello non é así. Iso é o que me enfastía. Falar mal é moi fácil. O control político e a crítica son positivos, o outro xa non. Que me diga que hai máis recadación, hai máis obras, ben, incrementase o investimento en 150.000 €. Pasamos de 109.000 € a 150.000 €. Faremos máis investimento con ese diñeiro extra que temos.

O tema das comidas..., a verdade, eu ao Concello, comidas, non lle paso nin unha. Así que eu non sei de onde saca vostede que eu ando comendo por aí a conta do Concello.

O tema do centro do día..., está aquí o presidente da xunta veciñal, o centro de día, como lle dixen no seu momento, agora a Xunta non financia centros de día. Agora ben, o que imos facer en Albarellos tampouco vai ser un local social, onde os vellos vaian xogar as cartas. Non vai ser iso. Non vai ser nin un local social nin un centro de día, vai ser unha cousa novedosa. Eu creo que imos acertar nese camiño que imos tomar. Eu penso que vai ser pioneiro. Vai ser un centro integral de atención ao noso maior, en todos os sentidos.

Con relación ao polígono, no plan xeral está previsto o polígono onde está previsto. Temos que facer un plan parcial. Hai un compromiso de parte do Inorde de facer o plan parcial para o ano que vén. Imos pouco a pouco. A min gustaríame telo feito este ano?, pois claro, pero as cousas non son ás veces coma un quere, senón as circunstancias.

O tema da casa niño, efectivamente, nós temos unha necesidade dunha escola infantil, está claro, e así lle foi transmitida ao conselleiro de Política Social. Xurdiu a oportunidade de facer unha casa niño e encantados da vida. Que se poden facer máis casas niño?. Pois ao mellor se a experiencia piloto vai ben; por que non se pode facer unha casa niño en Vences, en Albarellos, en Vilaza?, por que non?

As mocións a debate; eu xa lles dixen que cando as mocións son rogos ou preguntas, non lles vou traer ao pleno as súas mocións, porque non son mocións.

E para rematar quero agradecer as postura do BNG, construtiva sempre. E trátase diso, de traballar xuntos entre todos para que isto vaia para arriba.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

A continuación sométese o asunto a votación e o Pleno, por sete votos a favor do Grupo Popular, unha abstencións do BNG e tres votos en contra do Grupo Veciños de Monterrei, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o orzamento municipal para o exercicio 2017, sendo as previsións que contén, tanto no seu estado de ingresos como no seu estado de gastos, as que figuran no seguinte resumo por capítulos:

Estado de ingresos:

Cap. 1	Impostos directos	399.500,00
Cap. 2	Impostos indirectos	0,00
Cap. 3	Taxas e outros ingresos	211.600,00
Cap. 4	Transferencias correntes	987.859,01
Cap. 5	Ingresos Patrimoniais	235,00
Cap. 6	Alleamento de investimentos reais	0,00
Cap. 7	Transferencias de capital	52.600,00
Cap. 8	Activos financeiros.	0,00
Cap. 9	Pasivos financeiros	0,00
Total ingresos:		1.651.794,01

Estado de gastos:

Cap. 1	Gastos de persoal	693.037,78
Cap. 2	Gastos en bens correntes e servizos	575.451,80
Cap. 3	Gastos financeiros	700,00
Cap. 4	Transferencias correntes	232.313,15
Cap. 6	Investimentos reais	150.291,28
Cap. 7	Transferencias de capital	0,00
Cap. 8	Activos financeiros	0,00
Cap. 9	Pasivos financeiros	0,00
Total gastos:		1.651.794,01

Segundo.- Aprobar as bases de execución do orzamento.

Terceiro.- Aprobar o cadro de persoal para o exercicio de 2017, quedando configurado da seguinte forma, estruturada coas esixencias do RD 781/86:

1. Funcionarios de carreira:



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

A. Escala de habilitación nacional:

a) Subescala de Secretaría-Intervención: Unha praza de secretario-interventor, integrada no grupo A1, desempeñada en propiedade por Paulino Fernández Salgado, mediante a agrupación co Concello de Cualedro.

B. Escala de administración xeral:

a) Unha praza de administrativo de administración xeral, integrada no grupo C1, desempeñada en propiedade por Carlos Francisco González Álvarez.

b) Tres prazas de auxiliares administrativos, integrados no grupo C2, que se cubrirán por promoción interna.

2.- Persoal laboral:

No cadro laboral, no apartado de persoal temporal hai:

- Dúas prazas de operarios de servizos varios.
- Once prazas de auxiliares de axuda no fogar.
- Unha praza de auxiliar de biblioteca.
- Unha praza de axente de emprego e desenvolvemento local.
- Unha praza de coordinadora de axuda no fogar.
- Unha praza de auxiliar de oficina para a atención do Museo do Viño.
- Unha praza de arquitecta técnica en agrupación co Concello de Cualedro.
- Dúas prazas de operario de tractor en agrupación co Concello de Cualedro.
- Dúas prazas de limpadoras.
- Unha praza de orientador laboral.

No apartado de persoal laboral fixo hai:

- Unha praza de auxiliar de oficina e servizos varios, información xuvenil e notificacións, desempeñada por José Manuel Losada Martínez, asimilada ao grupo C2.
- Unha praza de auxiliar de oficina e servizos varios, tarefas administrativas e secretaría do Xulgado de Paz, desempeñada por José Luis Gómez Palomanes, asimilada ao grupo C2.
- Unha praza de auxiliar de oficina e servizos varios, tarefas na Secretaría e Facenda, desempeñada por M^a del Pilar Zarraquiños Novelle, asimilada ao grupo C2.

Hai oferta de emprego para o ano 2017, por promoción interna, de tres auxiliares administrativos. Levarase a cabo un proceso de funcionarización de acordo coa Disposición transitoria segunda do Estatuto básico do empregado público.

Créase un fondo que atenda as especiais circunstancias de postos de traballo da RPT.

As retribucións básicas e complementarias de carácter fixo do persoal funcionario e laboral experimentarán un incremento do 1% respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2016.

Tendo en conta que está sen aprobar o orzamento do Estado para o exercicio 2017, o persoal seguirá percibindo os mesmos conceptos retributivos que no 2016 ata que se determine pola Lei de orzamentos do Estado de 2017 o incremento salarial que se aplicará, tanto laboral como funcionarios, con base nun principio de prudencia.

Cuarto.- Que se expoña ao público por espazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ao estipulado no artigo 169 do citado RDL 2/2004.

Quinto.- Facer constar expresamente que se non se producen reclamacións ou alegacións contra o contido do orzamento municipal para 2017 aprobado, este acordo de aprobación



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

inicial pasará a ter a consideración de acordo de aprobación definitiva, de conformidade co disposto no apartado 1 do artigo 169 do devandido RDL 2/2004 e, a continuación, publicarase resumido por capítulos no BOP e enviaránselle copias á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

DAR CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2016

O alcalde dá conta aos asistentes que con data 24 de outubro de 2016 informouse ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do período medio de pagamento correspondente ao terceiro trimestre de 2016, de conformidade co artigo 4.1.b da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministración previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de conformidade co establecido na disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo.

O detalle do informe é o seguinte:

Importe de pagamentos realizados; 195.197,96 €

Importe de pagamentos pendentes: 174.560,23 €

Periodo medio de pagamento: 14,14 días.

O Pleno dáse por informado.

ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DA CESIÓN POR PARTE DA COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE SERRA DE SAN SALVADOR E MONTE DE ARRIBA DA PARCELA 1620, SITUADA NO LUGAR DAS FONTIÑAS, EN ALBARELLOS, PARA A CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DO CONCELLO DE MONTERREI

En primeiro lugar, dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Medio Ambiente, Urbanismo, Vivenda, Servizos e Obras Públicas, do 2 de decembro de 2016:

"O alcalde introduce este asunto facendo referencia ao Convenio entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Monterrei para o financiamento das obras de construción do Centro Social do Concello de Monterrei para a atención ás persoas maiores.

Tralos oportunos contactos cos veciños de Albarellos, estes decidiron que o mellor lugar para levar a cabo a dita obra é a parcela núm. 1620, situada no lugar das Fontiñas, en Albarellos. Deste xeito, o día 22 de novembro de 2016, a Comunidade de Montes Veciñais en man común de Serra de San Salvador e Monte de Arriba acordou ceder ao Concello de Monterrei a dita parcela para facer realidade a construción do centro social de atención ás persoas maiores.

Polo anterior, a proposta da Alcaldía é a seguinte:

Primeiro.- A aceptación por parte do Concello de Monterrei da parcela núm. 1620, situada no lugar das Fontiñas, en Albarellos, cedida pola Comunidade de Montes Veciñais en man común de Serra de San Salvador e Monte de Arriba, de Albarellos, para a construción do



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

centro social de atención ás persoas maiores.

A cesión será libre de cargas e gravames e o destino do edificio será o de centro de atención ás persoas maiores.

Segundo.- Iniciar as actuacións para dar de alta no Inventario Municipal de Bens a parcela obxecto da cesión.

Terceiro- Facultar ao alcalde, José Luis Suárez Martínez, para desenvolver todos os actos necesarios para facer efectiva a aceptación desta cesión.

A Comisión Informativa, por seis votos a favor do Grupo Popular e BNG e dúas abstencións do Grupo Veciños de Monterrei, ACORDA ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía. No entanto, o Pleno acordará o que estime pertinente."

A continuación toma en primeiro lugar a palabra o voceiro do BNG, Alberto Rodríguez García, para dicir que el vai votar a favor.

De seguido, o concelleiro do Grupo Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia Feijoo, diríxese ao alcalde e di:

- Nós seguramente votaremos a favor, pero gustárame que o secretario lese o papel de cesión. Hai un papel de cesión e gustárame que o lese o secretario.

Di o alcalde:

- Si. Pódeo ler. Efectivamente, pon centro de día no documento que mandaron.

Di o secretario:

- Nós o que facemos é adoptar este acordo e notificarllo á comunidade de montes.

Dá conta entón o secretario do escrito de cesión que presentou no Concello a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común Serra de San Salvador e Monte de Arriba, que literalmente di así:

" Dona Carla González Justo, titular do DNI núm. 76724510Y, secretaria da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Serra de San Salvador e Monte de Arriba, co CIF V32177842, CERTIFICO:

Que no libro de actas da comunidade hai unha, aprobada e asinada, da que resulta a seguinte:

Que a xunta do 28 de outubro de 2016, adoptou e acordou coa maioría precisa, cumprindo cos requisitos de quórum e maioría do artigo 18.1 da Lei de montes veciñais e man común, autorizar a cesión da parcela 1620, situada nas Fontiñas, co único fin de construción de centro de día, ao Concello de Monterrei, co CIF P3205100E, para a consecución dos seguintes obxectivos:

- Facilitar un medio preventivo ás persoas maiores para o mantemento e potenciación da autonomía persoal.
- Manter e recuperar a autonomía das persoas maiores, favorecer a permanencia no medio familiar e comunitario, evitando a institucionalización e proporcionando o apoio á familia.
- Ofrecer atención diurna integral e personalizada, dende todas as súas vertentes: social, sanitaria, psicolóxica, rehabilitadora e comunitaria.
- Posibilitar que continúen vivindo no seu domicilio, con especial atención á recuperación



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

funcional, sen esquecer que o seguimento dos problemas médicos, de enfermaría e sociais que actúan de ponte entre o centro e a comunidade.

E para que conste e cause os efectos oportunos, expido a presente, en Albarellos, o 22 de novembro de 2016.

O presidente: Edmundo González Nóvoa

A secretaria: Carla González Justo"

O concelleiro de Veciños de Monterrei puntualiza:

- Nós xa dixemos que iamos votar a favor, o único que queríamos era que quedara constancia do documento.

O alcalde engade:

- Ben, eu simplemente quero dicir que é unha infraestrutura pola que levamos loitando moito tempo e moi necesaria para nós. Como lles explicaba antes, a política agora da Xunta é non financiar centros de día, pero isto non vai ser un local social simple e sinxelamente; será un centro integral do noso maior dende outra perspectiva. Será aberto, non un aparcadoiro de vellos, será dinámico e ofrecerá un amplo abano de servizos aos nosos maiores.

Quero aclarar unha serie de cuestións que se están a poñer en dúbida en relación a este proxecto. O centro de atención ao noso maior será aquí, en Albarellos. Quero agradecerlle á Xunta Veciñal de Albarellos o seu compromiso co Concello e a boa predisposición dende un primeiro momento. Este equipo de goberno comprométese a velar polo cumprimento estrito do proxectado e informar en todo momento da súa evolución.

O Pleno, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- A aceptación por parte do Concello de Monterrei da parcela núm. 1620, situada no lugar das Fontiñas, en Albarellos, cedido pola Comunidade de Montes Veciñais en man común de Serra de San Salvador e Monte de Arriba, de Albarellos, para a construción do centro social de atención ás persoas maiores.

A cesión será libre de cargas e gravames e o destino do edificio será o de centro de atención ás persoas maiores.

Segundo.- Iniciar as actuacións para dar de alta no Inventario Municipal de Bens a parcela obxecto da cesión.

Terceiro.- Facultar ao alcalde, José Luis Suárez Martínez, para desenvolver todos os actos necesarios para facer efectiva a aceptación desta cesión.

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS ESTATUTOS DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MONTERREI

O alcalde lémbrales aos asistentes que o Pleno do Concello, na súa sesión do día 6 de abril de 2016, ratificou o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do 9 de marzo de 2016 sobre a agrupación do Concello de Monterrei co Concello de Cualedro para a prestación mancomunda do Servizo de Protección Civil.

O Servizo de Protección Civil é un servizo público creado coa intención de traballar no nivel da prevención e da actuación nas distintas situacións de risco colectivo ou catástrofes nas que pode perigar a vida e integridade das persoas físicas, os seus bens e o medio ambiente.

O alcalde propón aprobar os Estatutos que rexerán o Servizo de Protección Civil do Concello de Monterrei, dos cales dá conta.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Dáse conta tamén do ditame favorable da Comisión informativa de Medio Ambiente, Urbanismo, Vivenda, Servizos e Obras Públicas, do 2 de decembro de 2016.

Non se producen intervencións e o presidente somete o asunto a votación. O Pleno, por oito votos a favor do Grupo Popular e o BNG e tres abstencións do Grupo Veciños de Monterrei, ACORDA:

Primeiro. Aprobar os Estatutos da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Monterrei.

Segundo. Sometelos a información pública polo prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e suxestións, mediante a publicación de anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense* e no taboleiro de edictos do Concello, consonte co artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril.

Terceiro. Estes estatutos entrarán en vigor despois da súa aprobación definitiva e da preceptiva exposición pública

Asemade, faise constar expresamente que, se durante o prazo de exposición ao público non se presentasen reclamacións ou suxestións contra a aprobación inicial, os estatutos obxecto da proposta converteranse en definitivos, sen necesidade da adopción dun novo acordo polo Pleno municipal.

ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DOS VECIÑOS DA SALGUEIRA PARA A XESTIÓN MUNICIPAL DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE

O alcalde explica que os veciños da Salgueira presentaron senllos escritos no Rexistro xeral do Concello no que, trala recollida de sinaturas, solicitan a incorporación da xestión da auga desta localidade á rede municipal de auga

Dáse conta do ditame favorable da Comisión informativa de Medio Ambiente, Urbanismo, Vivenda, Servizos e Obras Públicas, do 2 de decembro de 2016.

O alcalde propón, pois, a incorporación da Salgueira ao servizo de subministración de auga potable do Concello de Monterrei, sempre que se cumpran unha serie de condicións para cumprir coa ordenanza vixente.

O Pleno, por unanimidade, ACORDA incorporar a localidade da Salgueira ao servizo de subministración de auga potable do Concello de Monterrei, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

Primeiro. De acordo coa ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga (artigo 5), todos os veciños que utilicen a rede de abastecemento de auga deberán colocar o contador fóra das vivendas ou locais, de xeito que permita a accesibilidade do encargado da lectura.

Segundo. Queda prohibida a utilización desta auga para regar predios, xardíns, piscinas, lavar automóviles e calquera outro destino que non sexa o estrito domiciliario (artigo 6 da ordenanza reguladora).



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Terceiro. Con base no artigo 7 da ordenanza, o Concello en calquera momento pode inspeccionar e vixiar as conducións de auga, as instalacións, os contadores...nos predios particulares. Ningún abonado pode opoñerse a que se realicen nas súas propiedades as funcións sinaladas anteriormente, con motivo de detectar as posibles derivacións de auga non controlada, defraudacións ou usos distintos aos permitidos.

Cuarto. A incorporación ao servizo municipal producirase no momento no que, previa comprobación, se acredite que todos os veciños que contén con enganche de auga dispoñan do correspondente contador colocado do xeito que se sinalou anteriormente (fóra da vivenda ou local).

ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE DOS VECIÑOS DA CARIDADE PARA A XESTIÓN MUNICIPAL DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE

O alcalde explica que os veciños da Caridade presentaron, o día 20 de abril de 2016, un escrito no Rexistro xeral do Concello no que, trala recollida de sinaturas, solicitan a incorporación da xestión da auga desta localidade á rede municipal de auga

Dáse conta do ditame favorable da Comisión informativa de Medio Ambiente, Urbanismo, Vivenda, Servizos e Obras Públicas, do 2 de decembro de 2016.

O alcalde propón, pois, a incorporación da Caridade ao servizo de subministración de auga potable do Concello de Monterrei, sempre que se cumpran unha serie de condicións para cumprir coa ordenanza vixente.

O Pleno, por unanimidade, ACORDA incorporar a localidade da Caridade ao servizo de subministración de auga potable do Concello de Monterrei, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

Primeiro. De acordo coa ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga (artigo 5), todos os veciños que utilicen a rede de abastecemento de auga deberán colocar o contador fóra das vivendas ou locais, de xeito que permita a accesibilidade do encargado da lectura.

Segundo. Queda prohibida a utilización desta auga para regar predios, xardíns, piscinas, lavar automóbiles e calquera outro destino que non sexa o estrito domiciliario (artigo 6 da ordenanza reguladora).

Terceiro. Con base no artigo 7 da ordenanza, o Concello en calquera momento pode inspeccionar e vixiar as conducións de auga, as instalacións, os contadores...nos predios particulares. Ningún abonado pode opoñerse a que se realicen nas súas propiedades as funcións sinaladas anteriormente, con motivo de detectar as posibles derivacións de auga non controlada, defraudacións ou usos distintos aos permitidos.

Cuarto. A incorporación ao servizo municipal producirase no momento no que, previa comprobación, se acredite que todos os veciños que contén con enganche de auga dispoñan do correspondente contador colocado do xeito que se sinalou anteriormente (fóra da vivenda ou local).



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

DAR CONTA DA DECLARACIÓN DE VERÍN SOBRE O MEDIO AMBIENTE E O RÍO TÁMEGA

Dáse conta da declaración de Verín sobre o Medio Ambiente e o río Támega, que é do seguinte teor:

"A Asociación cultural Monterrei, Cultura e Territorio, organizadora das Xornadas sobre o Ambiente, en colaboración con Concello de Verín, celebradas en outubro do 2016, provome a seguinte declaración de vontade entre todos os alcaldes da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín.

Por isto, todos os representantes políticos aquí reunidos manifestamos neste acto:

1. A nosa vontade de traballar xuntos na preservación, control e mellora medioambiental da nosa comarca, en especial dos ecosistemas fluviais do río Támega e os seus aflúntes.
2. O noso compromiso na realización de políticas medioambientais que favorezan o desenvolvemento sostible da comarca.
3. A nosa decidida vontade de introducir criterios medioambientais nas decisións que correspondan nos nosos respectivos ámbitos de actuación.

Verín, 29 de outubro de 2016

José Luís Suárez Martínez
Presidente da Mancomunidade

Gerardo Seoane Fidalgo
Alcalde de Verín

Xosé Ramón Barreal
Alcalde de Laza

Vicente Gómez García
Alcalde de Castrelo do Val

Manuel Cardoso Pérez
Alcalde de Vilardevós

Ana María Villarino Pardo
Alcaldesa de Oímbra

Luciano Rivero Cuquejo
Alcalde de Cualedro

Nieves Amado Rolán
Presidenta da A C Monterrei C e T"

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Medio Ambiente, Urbanismo, Vienda, Servizos e Obras Públicas, do 2 de decembro de 2016.

O Pleno dáse por enterado.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Antes de pasar a tratar este asunto, o alcalde pregunta aos voceiros dos grupos políticos se hai algunha moción urxente. Respostan que non.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

A continuación o alcalde diríxese aos voceiros dos grupos para que formulen os ROGOS e as PREGUNTAS:

Toma en primeiro lugar a palabra o voceiro do BNG, Alberto Rodríguez García, e formula o seguinte ROGO:

- Temos uns vertidos ilegais que van cara o río na localidade de San Cristovo. Non sei se sabedes onde estan localizados ou non, pero debemos concienciarnos do grave problema que ocasiona isto no ecosistema e nos veciños. Solicito que se estude este problema e póñome a disposición para traballar e solucionalo.

O Alcalde explica sobre este asunto:

- Con relación a isto, tamén hai un escrito presentado aquí por Veciños de Monterrei.

Temos problemas de depuración nalgún núcleo pero eu creo que tampouco somos dos concellos peores.

Temos núcleos conectados á EDAR de Verín con algún problema puntual importante, por exemplo en Vilaza, no Pracer, que nisto estamos pendentes dunha obra de Augas de Galicia, que me prometeron que a van adxudicar en breve, entre decembro e xaneiro. Unha obra para nós importante, temos que arranxar ese punto, onde efectivamente temos un problema grave. Pero temos conectados Guimarei, Infesta, Albarellos e Vilaza. Temos o problema co bombeo en Vilaza.

Vences, Estevesiños, Mixós, A Pousa, Monterrei tamén están conectados á EDAR de Verín.

Despois, temos dúas depuradoras compactas tipo Daredo, que é dun plan da Deputación, que é Medeiros, Flariz e Sandín. Flariz e Sandín comparten unha.

Temos problemas coas fosas sépticas que temos na Salgueira, onde temos dúas, na Caridade, onde temos unha, en San Cristovo, onde temos outra, e na Madanela. A nosa idea en principio, dende a Deputación tamén nos ofreceron a posibilidade de poñer unha planta máis, unha Daredo, pero claro, unha Daredo para unha destas localidades é moi grande e por iso pensáramos inicialmente facer unha entre a Salgueira e a Caridade pero non da o nivel. Entón dixemos: San Cristovo e A Madanela; tamén outro problema. Entón chegamos á conclusión de que é mellor montar esa pequena depuradora na Madanela, que ten 156 habitantes, mentres que San Cristovo ten 128, co cal teríamos que acondicionar as foxas sépticas da Salgueira, as dúas, a da Caridade e a de San Cristovo, que tamén as teríamos que reformar.

Son problemas puntuais importantes pero estamos nese camiño de vías de solución. O problema de San Cristovo foi tamén unha cousa puntual; un día que choveu moito, decantou. Fórono ver alí os técnicos. Teño aquí o informe técnico e di: "temos o caso dunha fosa séptica construída entre os anos 87 e 88, con sistema de decantación de tres etapas. Este tipo de instalación conta cunha cámara de descarga provista dun sistema de alivio que impide que en intres puntuais de aforos extraordinarios, a presión das augas que chegan pode causar danos nas instalacións. Neses intres puntuais parte da canle entrante é desviada directamente sen pasar polas etapas de decantación". É o que me din os técnicos.

Francisco Javier, concelleiro de Veciños de Monterrei:

- O día que estiven eu non era un dos días que chovera moito e estaba vertendo igual. A min se me di que un día puntual, porque chove moito, bolsan os sumidoiros, iso pasa en todos os lados, pero ese día non chovera e estaba botando.

Dille o alcalde:



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

- Pero é un problema do que me din os técnicos. Estamos en vías de solucionalo.

Intervén neste momento o secretario e di:

- O problema que temos é que as Daredo son carísimas.

E o concelleiro de Veciños de Monterrei, engade:

- Esas teñen outros problemas á parte de caras.

Continúa coa súa rolda o voceiro do BNG, Alberto Rodríguez, co seguinte rogo:

- Lembrar agora de cara ao novo ano, co novo orzamento, ou a través dalgunha axuda da Xunta, que se teña en conta o arranxo da rúa Central, en Albarellos e tamén o arranxo das beirarrúas. Que sigo insistindo, a ver se soluciona.

E a continuación formula esta pregunta:

- Xa sabemos se se van colocar ou xa temos os espellos que solicitara para a visibilidade nos cruzamentos, en San Cristovo e en Albarellos?

Respóndelle o alcalde:

- Témoslos, e a semana que vén vanse colocar.

O arranxo da rúa, estamos niso, e en relación ás beirarrúas hai un compromiso por parte da Consellería de Infraestruturas e Vivenda de facer unha senda peonil aquí na travesía, en Albarellos. Iso si, din que nola teñen que ceder ao Concello pero nós, unha vez que a reformen, que estea en pleno estado de revista, que pase a nós non sería tampouco maior problema. Nos collémola unha vez que estea arranxada.

É agora a quenda do Grupo Veciños de Monterrei, e a súa voceira toma a palabra para dicir:

- Nós, igual que Alberto, iamos solicitar ese arranxo da foxa séptica e tamén non sei se se dá conta de que a localidade de San Millán, de Cualedro, está vertendo tamén directamente no río. Agora que o río está seco vese perfectamente.

Dille o alcalde:

- Si.

Di o secretario:

- Direillo ao alcalde.

O concelleiro de Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia, engade:

- E que ese río é o que despois chega a Vilaza. Cando están tirando de arriba, ao final, está chegando abaixo. Xa sei que non ten nada que ver, pero en Vilaza fixéronse unhas obras por un informe para aliviar precisamente o que estaba a pasar na zona do bombeo. Primeiro fíxose unha obra para unir o desaugadoiro xeral co antigo desaugadoiro que hai en Vilaza. Cando se fixeron esas obras, que ademais ata certo punto teñen lóxica, se non se pode arranxar o resto polo menos decantan pola antiga foxa séptica que había en Vilaza. O que non é normal é que unha vez que se unen os dous desaugadoiros, que se dea de conta de que a outra zona está estragada e non existe. Hai un informe que di que se pode xuntar e así deste xeito se pode arranxar algo e unha vez que se fai esa unión, resulta que hai outro informe doutro técnico que di que esta canalización agora xa non existe, desapareceu.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Dille o secretario:

- Podo explicarllo.

E o alcalde di:

- Non. Está Carmen intervindo. Javier, lémbrolle que o debate diríxeo o alcalde. Rógolle que non interrompa nin interveña cando non lle corresponda.

Continúa a preguntar M^a del Carmen Sola:

- Estes días foi podada unha árbore na Pousa polo Obradoiro de Emprego. A árbore era dun particular. É unha función do Obradoiro facer os encargos privados?

Respóndelle o alcalde:

- Contestareille no próximo Pleno.

Segue a voceira de Veciños:

- Preguntarlle tamén se estaba ao tanto de que os rapaces que podaron a árbore estiveron correndo perigo mentraran realizaban a poda.
- Preguntarlle tamén se está ao tanto de que se romperon un dos bancos do paseo.

E a continuación introduce o seguinte rogo:

- Rogo que non use de escusa sucesivamente que non nos mete as nosas mocións para non ter que convocar as comisións e xerar así máis gasto, pois agora tiña convocadas tres onde podía ter metido as que presentamos para este Pleno, por exemplo a de pintar a estrada da Salgueira en Urbanismo e tamén a das listaxes de contratación en Persoal.

A voceira segue coa seguinte pregunta:

- Se vai vir Nava Castro este martes 13 a inaugurar a oficina de turismo.

Respóndelle o alcalde:

- En principio está confirmado que vén.

E continúa Carmen:

- Quería preguntarlle tamén se ten pensado quen vai atender esa oficina, que horario vai ter...

E a resposta do alcalde é:

- En principio a oficina atenderaa a xente que está arriba no Castelo. A miña idea é que, agás despois en momentos puntuais no ano, a que está de cultura e a que está de turismo, en principio. Despois, na época do verán, hai unha liña de subvencións para contratar persoal para as oficinas de turismo para aqueles concellos que están declarados de interese turístico, o noso é así, e darannos unha subvención para contratar a alguén na época de verán.

Incidindo no mesmo tema, pregunta Carmen Sola:

- Vai repercutir isto da oficina de turismo na economía do concello? Porque si, vai haber xente atendéndoa, como xa está habendo agora, pero o beneficio non hai moito. Ademais nunca se cobrou ningunha entrada. Isto pode beneficiar ao coidado do sitio. Se teñen pensado algo.

Dille o alcalde:

- Non temos pensado nada.



CONCELLO DE MONTERREI

Rua Fontiñas, 2 - 32618 ALBARELLOS - MONTERREI - OURENSE
Telf. 988 418 002 - Fax 988 425 700 - e-mail: concello@monterrei.es

Continúa a voceira de Veciños de Monterrei:

- Seguindo co Castelo, igual que fixo unha comisión para darnos conta do recurso contencioso-administrativo interposto pola CIGA; por que non nos conta se vai recorrer ao Supremo a sentenza do parador? A mediados de outubro o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ratificou a sentenza do contencioso-administrativo.

E di o alcalde:

- Nós damos conta cando corresponde. O equipo de goberno adoptou a decisión de recorrer en casación a sentenza e está aí. A cuestión é unha cuestión sub iúdice, aínda non hai nin sentenza nin nada.

Pregunta Carmen Sola:

- Nin sabe cando lle van custar aos veciños eses trámites?

Respóndelle o alcalde:

- Aos veciños? Xa lle dixen que a asistencia xurídica énos gratuíta por parte da Deputación. O único que temos que pagar son gastos de procurador.

É agora o concelleiro de Veciños de Monterrei, Francisco Javier Limia, o que pregunta:

- En Estevesiños rematouse unha pista de concentración na Rede Natura e queríamos saber se se pediran todas as autorizacións necesarias.

Di o alcalde:

Entendo que si, pero xa lle contestarei na seguinte sesión.

E por último, o concelleiro de Veciños, Limia:

- Outra petición que fixeron os veciños de San Cristovo, igual que os de Estevesiños, é que o parque dos nenos se lle acolche.

E no cemiterio, no municipal, non sei se sabe que o Día de Todos os Santos houbo máis dunha caída. Cando se vai seguir co arranxo e se vai arranxar un pouco máis a entrada?

Di a concelleira delegada, Rosa María González:

- Xa está arranxado. O que solicitaron.

E Francisco Javier Limia remata:

- Non está. O día de todos os santos caeu unha señora pero, á parte diso, a rampla que hai, que se podía ter feito máis prolongada, é lisa e con nada de area esvárase, porque ten demasiada pendente e é demasiado lisa.

Alcalde:

Nada máis. Desexarvos felices festas para todos.

E sen máis asuntos que tratar, remata a sesión e redáctase esta acta, que o presidente asina comigo, o secretario, que dou fe.

O presidente,



O secretario,

